

Acta da Sesión Ordinaria do Consello do Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade

ASISTEN

Javier Abuín Penas, Ana Amorós, Vicente Badenes Plá, Juan Manuel Corbacho Valencia, Ana Belén Fernández Souto, Julia Fontenla, Silvia García Mirón, Oswaldo García Crespo, Beatriz Legerén Lago, J, Jose Manuel Fernández López, Luis Xabier Martínez Rolán, Julinda Molares Cardoso, Alberto Pena Rodríguez, Paulino Pérez Feijoo, Iván Puentes Rivera, Talía Rodríguez Martelo, José Octavio Rodríguez Nieto, José Rúas Araujo, Emma Torres Romay.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Alberto Dafonte Gómez, Jorge Lens Leiva, Carmen Máiz Bar, María Isabel Martínez Martínez, Román Pereiro Lepina, Diana Ramahi García.

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade da Universidade de Vigo que tivo lugar o **xoves 21 de decembro de 2023**, na Sala de Xuntas da Facultade de Comunicación, ás **09:00 horas en primeira convocatoria e ás 09:30 horas en segunda** coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Apróbase.

2.- Informe do director

O director felicita ó profesor Alberto Pena pola súa cátedra.

Recorda recoller os agasallos do departamento.

Asimesmo informa que antes do día 19 de xaneiro teremos unha reunión da Comisión Permanente do departamento para aprobar a produción científica.

3.- Información e aprobación se procede dos prazos de produción científica.

O día 15 de decembro finalizou o prazo para a subida de datos de produción científica na aplicación informática e o departamento ten como prazo o 15 de xaneiro para facer a validación por parte do director.

4.- Aprobación, se procede, dos Informes de solicitude de quinquenios.

Apróbanse as solicitudes de quinquenios dos docentes Xosé Rúas Araújo e María Isabel Martínez.

5.- Aprobación, se procede, da modificación do POD.

O director informa de que se están aplicando os descontos docentes do profesorado, así como a bolsa de horas do centro polo que suxire a todo o profesorado que revise os seus descontos na secretaria virtual.

Ademais aproveita para informar que a día de hoxe é bastante probable que o departamento teña folgura suficiente para poder sacar novas prazas.

Aproveita para informar que aínda que a nosa universidade non se pronunciou sobre a LOSU na USC están xa a están a aplicar o que implica entre outras cousas que o profesorado asociado nun prazo de dous anos deberá volver a concursar para ratificar as súas prazas.

Tamén informa de que noutras universidades se aplica tamén a LOSU e aquí estamos pendentes da súa aplicación.

A continuación, pasa a palabra á secretaria para que informe sobre as modificacións do POD.

Cara o segundo cuadrimestre é necesario volver a activar a lista de agarda xa que temos materias sen docentes, concretamente a materia de Expresión sonora.

Fai tamén un recordatorio das materias para as que xa se aprobaron as lista de agarda na aprobación de POD no mes de maio.

2023_24_Agarda1P42CPo_105	P6	90	P04-G071208	Expresión sonora	OB	2SG	10	70	0
			TOTAL:				80		
			Capacidade restante:				10		
2023_24_Agarda1P62CPo_105	P6	90	P04-G190402	Estratexias da comunicación publicitaria	OB	2SG	0	35	40
			P04-G190601	Avaliación da eficacia publicitaria	OB	2SG	0	15	0
			TOTAL:				90		
			Capacidade restante:				0		
023_24_Agarda2P62CPo_105	P6	90	P04-G190601	Avaliación da eficacia publicitaria	OB	2SG	0	45	40

			TOTAL:	85
			Capacidade restante:	5

Apróbase.

6.- Asuntos de trámite

Non hai.

7.- Rolda de intervencións

A profesora Emma Torres, indica que están en prazo de exposición pública diferentes títulos de grado, entre eles o Grao en Relacións Internacionais – onde a materia *Comunicación Intercultural* se asocia ó departamento de Lingua Española- polo que solicita que dende o departamento se fagan as alegacións pertinentes para solicitar esta docencia para o noso departamento.

Tamén se fai mención á materia de Fotografía do Grao en Deseño que podería ser una materia que se asigne ó noso departamento pero ao que o director informa que non será posible xa que está asignada ó departamento de Pintura da Facultade de Belas Artes.

E sen máis temas que tratar péchase a sesión ás 10:05 horas.

Pontevedra 21 de decembro do 2023

O director do departamento

A secretaria do departamento

Firmado por RUAS ARAUJO JOSE
- ***7579** el día 02/07/2024
con un certificado emitido
por AC FNMT Usuarios

LEGEREN
LAGO
BEATRIZ -
36059057W

Firmado digitalmente por
LEGEREN LAGO
BEATRIZ -
36059057W
Fecha: 2024.04.04
21:04:59 +02'00'